



# COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE

Selo rexistro

## DATOS DA PERSOA TITULAR DA ACTIVIDADE

Nome e apelidos/razón social		DNI/CIF/NIE	
Nome e apelidos do representante		DNI/CIF/NIE	
Enderezo de notificación.		Núm.	Escaleira
		Andar	Porta
CP	Municipio	Provincia	Teléfono
Correo electrónico		Fax	

## LOCALIZACIÓN DO LOCAL

Rúa	Núm.	Escaleira	Andar	Porta
CP	Municipio	Provincia	Teléfono	
Referencia catastral				

## DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Descrición da actividade:

Superficie total: \_\_\_\_\_ Potencia mecánica: \_\_\_\_\_ CV Agrupación IAE: \_\_\_\_\_

Denominación comercial:

Tipo de actividade:

<input checked="" type="checkbox"/> Inocua	<input type="checkbox"/> Avaliación Ambiental	<input type="checkbox"/> Avaliación de Impacto Ambiental	<input type="checkbox"/> Avaliación de Impacto Ambiental
<input type="checkbox"/> Suxeita a Avaliación Ambiental	<input type="checkbox"/> Avaliación Ambiental Integrada	<input type="checkbox"/> Avaliación de Impacto Ambiental	<input type="checkbox"/> Avaliación de Impacto Ambiental
<input type="checkbox"/> Espectáculos públicos e actividades recreativas			

**DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE** que é certo o que manifesta e que achega a documentación que acredita:

- Que remataron as obras necesarias para o acondicionamento do local realizadas con carácter previo ao inicio da actividade, comunicadas ou con licenza previa, expediente nº \_\_\_\_\_, axustándose ás súas determinacións, como consta no certificado de fin de obra asinado por técnico competente achegado.
- Que non son precisas obras de acondicionamento para o desenvolvemento da actividade.

### ADEMÁIS,

- Que as características indicadas reflicten fielmente as actividades a desenvolver e achégase toda a documentación preceptiva.
- Que se dispón de maquinaria, que estará instalada sobre soportes antivibratorios e illada de paredes medianeiras.
- Que a instalación eléctrica axústase ao Regulamento electrotécnico de baixa tensión (REBT).
- Que a actividade dispón de extintores, iluminación de emerxencia e sinalización segundo o disposto na normativa vixente.
- Que as instalacións de climatización cumpren coa normativa vixente.
- Que a actividade cumpre coas normas de accesibilidade.
- Que se cumprirán os requisitos da normativa específica de tratamento de residuos e as medidas hixiénico-sanitarias de aplicación.
- Que a actividade dará cumprimento íntegro á normativa urbanística municipal do concello de Ordes.
- Que conta coas autorización e rexistros sectoriais que lle resulten necesarias para o exercicio da actividade.

### ASÍ MESMO,

- Que cumprirán os requisitos esixidos pola normativa de aplicación e manteráanse as medidas correctoras precisas para o correcto desenvolvemento da actividade durante o tempo do seu exercicio. Ademais, contará no local, a disposición dos servizos de inspección municipais, con unha copia desta comunicación e a certificación de illamento acústico e/ou medicións de nivel de ruidos, nos casos que determine a normativa de aplicación.
- Que, ao tratarse dunha actividade continuada, esta axustarase ás esixencias derivadas da nova normativa que vaia entrando en vigor, previa obtención das autorizacións que, no seu caso, resulten necesarias para tal finalidade.

**AUTORIZA**, aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta administración á comprobación telemática con outras Administracións Públicas dos datos declarados e demais circunstancias relativa ao exercicio da actividade a desenvolver.

E **COMUNICA** que iniciará a actividade a partir do día \_\_\_\_/\_\_\_\_/\_\_\_\_ (no caso de non indicar data, entenderase a partir do día seguinte ao da presentación da solicitude).

Ordes

Asdo.:

### SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ORDES

**ADVIRTESELLE**, consorte co disposto no artigo 26 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, "A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda imponer por tales feitos". Así mesmo "a resolución administrativa que constata as circunstancias ás cales se refire o parágrafo anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a esixencia de responsabilidade, e poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un período de tempo determinado de entre tres meses a un ano".

En cumprimento do disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e no RD 1720/07, regulamento de desenvolvemento, informámoslle que os datos recollidos polo concello de Ordes coa finalidade de levar a cabo a xestión contable, fiscal e administrativa así como o envío de comunicacións comerciais, publicitarias e promocionais serán almacenados nun ou máis ficheiros titularidade do concello e o cal se encontra debidamente inscrito na Axencia Española de Protección de Datos. Así mesmo os datos poderán ser cedidos a empresas coa finalidade de xestionar cobros de impostos ou prestar servizos como abastecementos, servizos municipais, elaboración de estadísticas de Padróns ou outras actividades relacionadas co normal funcionamento do concello. Vostede poderá, en todo momento, exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os seus datos persoais así como o de renovación do consentimento para calquera das finalidades antes sinaladas, enviando ao concello de Ordes (rúa Alfonso Senra, nº 108, Ordes) carta debidamente firmada, onde consten claramente os datos de contacto, a cal deberá acompañarse de fotocopia do seu DNI/NIE/CIF.

## ACTIVIDADES SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA

CALQUERA ACTIVIDADE ECONÓMICA, EMPRESARIAL, PROFESIONAL, INDUSTRIAL OU COMERCIAL EXCEPTO:

- a) A apertura de establecementos e celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas que se desenvolvan en establecementos públicos cunha capacidade superior a 500 persoas, ou que presenten unha especial situación de risco, de conformidade co disposto na normativa técnica en vigor.
- b) A instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública, anexas ao establecemento.
- c) A celebración de espectáculos e actividades extraordinarias e, en todo caso, os que requiran a instalación de escenarios e estruturas móbiles.
- d) A celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas ou deportivas que se desenvolvan en máis dun termo municipal.
- e) A celebración dos espectáculos e festexos taurinos.
- f) A apertura de establecementos e a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas cuxa normativa específica esixa a concesión de autorización.

## DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS SOLICITANTES

### 1. Se no local se realizaron obras de adaptación previas ao inicio da actividade (con licenza ou comunicación previa)

- Certificación de fin de obra das obras e das instalacións, asinada polo/a técnico/a director/a das obras.
- Se o titular da actividade é distinto ao solicitante da obra: documento acreditativo da dispoñibilidade do local (contrato de arrendamento ou escritura de compravenda, etc...)

### 2. Se non son precisas obras de acondicionamento para o desenvolvemento da actividade

- Documento acreditativo da dispoñibilidade do local (contrato de arrendamento ou escritura de compra, etc...)
- Planos de situación e localización do local no que se pretende a actividade, a escala mínima 1:2000 e 1:500 respectivamente, sobre a cartografía oficial, asinados por técnico/a competente.
- Memoria técnica da actividade, asinada por técnico/a competente (descrición da actividade, superficie e alturas, relación de maquinaria instalada no local), coa manifestación expresa do cumprimento de todos os requisitos técnicos e administrativos. Incluirá a descrición detallada das características da actividade e as características técnicas da maquinaria e instalacións necesarias, indicando para cada elemento a súa potencia, que se ha de expresar en CV, para as máquinas con motor, en KW para o resto, así como as medidas correctoras a aplicar, de acordo coa natureza da actividade e instalacións previstas.
- Planos acoutados de planta, alzado e sección do local, a escalas 1:100 ou 1:50 segundo o caso, indicando o uso das diferentes dependencias, a maquinaria, a situación das saídas, comunicacións, etc. E instalacións de protección contra incendios, asinados por técnico/a competente na materia.
- Declaración de que o local é apto para o novo uso, conforme á normativa aplicable en función do mesmo e con especial referencia ó cumprimento das condicións de estabilidade, illamento térmico e acústico, accesibilidade e seguridade contra incendios precisas para o uso pretendido, asinado por técnico/a competente.
- Certificación técnica de seguridade e solidez do local, asinada por técnico/a competente.
- Copia das autorizacións e informe sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que conta con todos os necesarios para o inicio da actividade.
- Reportaxe fotográfica, incluídas fotografías da totalidade de fachada e do interior do local asinada pola persoa solicitante e polo/a técnico/a redactor/a do proxecto, se fose o caso.
- Declaración responsable (ou certificado colexial) do/da técnico/a que asina o resto da documentación se fose o caso, no que figuren os seus datos persoais e profesionais, de xeito que permita a súa identificación, e na que se acredite que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade.
- No caso de edificacións en situación de fóra de ordenación de carácter temporal, renuncia do propietario do inmovible ao incremento do valor, en caso de expropiación.

### 3. Se a actividade está suxeita ao procedemento previa de avaliación ambiental

- Documentación acreditativa de ter superado o procedemento de avaliación ambiental (avaliación ambiental integrada, avaliación de impacto ambiental ou avaliación de incidencia ambiental)
- Copia do proxecto de obra ou actividade asinado por técnico/a competente
- Certificado do técnico/a ou dos técnicos/as que autoricen o proxecto de que este cumpre coa normativa técnica de aplicación

### 4. Ademais, xunto cos documentos anteriores, os solicitante deberán achegar:

- Datos identificativos do solicitante:
  - Persoas físicas: DNI (ou documento que faga as súas veces). Os que comprazan ou asinen en representación douro, acompañarán ademais un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable).
  - Persoas xurídicas: DNI do representante e documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.
- Documento de autoliquidación da taxa correspondente